

Plan Actividades Extraescolares – COVID – Curso 2020 2021

O CPR San José promove a educación integral dos alumnos e por todo isto, conscientes das facetas do desenvolvemento persoal que se exercitan fora do horario escolar, impulsa un ano mais unha ampla oferta de actividades extraescolares que axuden a afondar nas actitudes sociais, de convivencia e solidariedade, a consolidar as aficións persoais e a mellorar o equilibrio psíquico da persoa, fomentando a participación activa e a metodoloxía do esforzo.

Pretendemos un ano mais crear programacións de cada unha das actividades onde figuren non só as destrezas e habilidades, senón actitudes e valores de confianza e respecto, favorecendo a madurez afectiva e social.

Entre os valores educativos do centro destaca a formación completa do alumnado co obxectivo de que se desenvolvan todas as competencias, neste sentido as actividades extraescolares potencian o sentimento positivo de pertenza ao centro, favorecen a autonomía e autoestima, fomentan a responsabilidade na xestión do seu tempo libre, en definitiva melloran as relacións entre o noso alumnado.

Baseándonos no texto do marco da proposta pedagóxica do centro, as actividades serán deseñadas e organizadas para contribuír a crear nos nosos alumnos:

- Capacidade de esforzo
- Hábitos de vida saudable
- Calidade de vida
- Coherencia
- Sentido de equipo
- Proceso de socialización e amizade
- Respecto das normas establecidas

Os obxectivos destas actividades serán:

- Complementar as distintas áreas educativas
- Incidir nos temas transversais
- Fomentar actitudes culturais
- Desenvolver no alumnado habilidades sociais
- Formar alumnos e alumnas
- Crear hábitos de participación
- Motivar ao alumnado tendo presente a idade e as características do grupo
- Completar a oferta educativa que se realiza no centro
- Facilitar unha relación cordial dos alumnos co centro .

Desenvolveranse, un ano mais dende as 16.00 as 18.00 horas, fora do horario lectivo ordinario. Serán de carácter voluntario e impartidas por monitores especialistas. As actividades estarán organizadas para todos os cursos, cunha oferta específica de cada nivel.

A oferta comprende un amplo abanico de actividades para completar a formación do alumnado do centro, pero precisarase dun mínimo de participantes para que sexan factibles e teñan viabilidade durante todo o ano.

Coa distancia de seguridade e as medidas de hixiene propostas polo centro as actividades crearán un clima de tranquilidade para todo o alumnado.

Os grupos estarán formados por participantes de diferentes niveis mantendo as mesmas medidas de seguridade que se seguen no horario lectivo.

Haberá grupos reducidos con aforo limitado, usarase a máscara de maneira obrigatoria por non ser grupos centrais de convivencia estable, manterase en todo momento a distancia sanitaria entre si e cos monitores da actividade, unha correcta hixiene de mans, procurarase o máximo posible a non utilización de elementos de uso común e respectarase en todo momento o movemento ordenado de entrada e saída.

As familias esperarán á entrada e á saída do centro para deixar e recoller o alumnado seguindo as normas de entrada establecidas polo centro para tales efectos. Entrarán e sairán sempre acompañados polo monitor da actividade. En ningún momento os familiares poderán entrar no centro, se non é con cita previa e permiso do equipo directivo.

Os responsables das actividades extraescolares serán:

Centro educativo:

- Responsables: Gonzalo Jara Fernández
Ana Gómez Mirón
- Responsables de garda:
 - Luns: Titora de 3º e Titor de 4º EP
 - Martes: Titora de 5º e Titora de 6º EP
 - Mércores: Titora de 2º e Titora de 1º Ep
 - Xoves: Titora de 5º Educación Infantil

Empresa:

- Responsable: Hugo Durán Álvarez

Actividades extraescolares para o curso 2020 2021

- **Descubriendo outro idioma: Francés**

Esta actividade vai dirixida os alumnos que no próximo ano comezarán a ESO.

É o modo de inicialos noutra lingua, de maneira que cando verdadeiramente teñan que estudala estean adaptados e á vez coñezan os sons, lectura, entoación, algún vocabulario e normas básicas de esta nova lingua para eles.

Da mesma maneira que se lles proporciona coñecementos sobre unha cultura diferente.

OBXECTIVOS

- Familiarizarse cun novo idioma.
- Pronunciar os distintos grupos de vocais.
- Coñecer un vocabulario básico.
- Distinguir normas gramaticais básicas.

- **Descubriendo outro idioma: Inglés (Playing in English / Let's talk)**

Esta actividade estará dirixida a todos os alumnos do noso centro, dividindo as clases nos distintos niveis.

Basearemos o noso traballo no reforzo do inglés como segunda lingua a través de diversos materiais escollidos polo seu interese pedagóxico e didáctico.

Os alumnos desenvolverán ao máximo as súas capacidades comunicativas apoiando o desenvolvemento de actividade de maneira activa e lúdica.

OBXECTIVOS

- Adentrar de maneira directa e profunda no coñecemento e práctica da lingua.
- Desenvolver a expresión da lingua na vida cotiá.
- Escribir e conversar na lingua.
- Potenciar habilidades cognitivas,desenvolvendo o cerebro e equilibrando as emocións.
- Fortalecer a concentración, a flexibilidade e preparación na formación académica.

- **Iniciación e perfeccionamento dun instrumento: Guitarra**

O que pretendemos con esta actividade é o desenvolvemento de psicomotricidade fina.

OBXECTIVOS

- Espertar e educar a expresión musical.
- Afianzar o dominio musical có aprendizaxe deste instrumento.
- Fomentar o gusto pola música instrumental.
- Potenciar a participación dos alumnos en festivais e celebracións.

- **Iniciación e perfeccionamento das artes plásticas: Pintura**

Nesta actividade pretendese desenvolver no alumno da capacidade de expresión, o coñecemento das diversas posibilidades das formas e das cores, e inculcar o inicio do coñecemento das distintas artes pictóricas e autores existentes neste e noutros países.

Desenvolvese a sensibilidade, a creación e a libre expresión das obras, tendo como principal fío condutor esta ensinanza.

Trabállase con todas as técnicas pictóricas como poden ser ceras, óleo, pintura de dedos, xiz, acuarela,...

OBXECTIVOS

- Aumentar o interese do neno polo arte e as súas diferentes formas de expresión.
- Coñecer as distintas técnicas de pintura e de debuxo.
- Aprender a valorar os materiais dos que dispoñen y coñecer todo o que é posible, con cousas sinxelas.
- Valorar que o arte é unha forma de expresión.

- **Desenvolvemento motor: Actívate!**

Nesta actividade os nenos e nenas do centro poderán descubrir como activar o seu corpo. Realizaranse actividades de activación do corpo mediante a música.

OBXECTIVOS

- Traballar o ritmo e a psicomotricidade
- Mellorar as capacidades comunicativas a través do movemento corporal.
- Coñecer cancións axeitadas a idade do colectivo e as respectivas coreografías.
- Favorecer a vida saudable e deportiva dos nenos e nenas
- Desenvolver unha actividade física controlada que contribúe a un desenvolvemento integral das habilidades motrices e as cualidades físicas.
- Promover un desenvolvemento non competitivo.
- Familiarizarse con actividades físicas que poidan levar a cabo de maneira individual, sen material e con pouco desprazamento.

- **Desenvolvemento motor: Reláxate!**

Nesta actividade realizaranse unha serie de sesións que procurarán traballar o corpo e a mente de maneira tranquila, mediante técnicas de relaxación, respiración e control corporal.

OBXECTIVOS

- Coñecer diversas técnicas de relaxación que poidan realizar de maneira autónoma.
- Buscar equilibrio y control para unha vida saudable e alegre.
- Coñecer e recoñecer cando poden utilizar as normas de relaxación na súa vida cotiá.

- Traballar o pensamento positivo, a confianza e a seguridade en eles mesmos.
- Familiarizarse con actividades físicas que poidan levar a cabo de maneira individual, sen material e con pouco desprazamento.
- Favorecer o descubrimento da vida saudable baixo a premisa da relaxación.

- **Dramatización**

Os obxectivos principais a alcanzar nesta actividade, son o desenvolvemento da psicomotricidade e a expresión corporal.

O neno aprende a coñecer as posibilidades do seu corpo, a expresar emocións, sentimentos, por medio do mesmo.

Foméntase tamén a creatividade, facendo que o neno invente e desenvolva argumentos por el suxeridos mediante xogos e pantomimas.

A actividade manual ten tamén cabida grazas á fabricación, polo alumno, de material como disfraces e caretas.

Préstase así mesmo gran atención á socialización do alumno fomentando a cooperación cos demais compañeiros por medio de xogos colectivos.

OBXECTIVOS

- Romper inhibicións liberando o corpo e a mente de movementos estereotipados.
- Aprender a adaptarse e adecuarse as distintas situacións e roles sociais.
- Desenvolver hábitos de conduta non competitiva fomentando a confianza e a autoestima.
- Evitar ou corrixir rexeitamentos persoais por motivos de aspectos físicos, ...

- **Desenvolvemento das TICS: Informática**

Como actividade extraescolar se comeza no quinto curso de Educación Primaria coa iniciación na mecanografía e a linguaxe informática con pequenos incursións no comezo da programación. Inténtase que se vexan no ordenador un punto mis aló dos xogos e a procura automática.

OBXECTIVOS

- Coñecemento de aplicacións informáticas básicas de uso común como procesadores de textos, folla de cálculo e programas para realización de presentacións.
- Coñecementos de Internet, correo electrónico e buscadores.
- Familiarización con programas de edición de vídeo e maquetado para a realización de publicacións.

Protocolo COVID para actividades extraescolares

Este ano queremos que comece con mais forza e paixón que nunca. O noso obxectivo é favorecer unha experiencia educativa integral no ocio e tempo libre do noso alumnado creando un entorno saudable e seguro a través de medidas de prevención, hixiene e promoción da saúde adaptadas a cada unha das actividades propostas.

Para poder seguir e garantir as medidas de hixiene do centro e a seguridade dos nosos alumnos en maneira sanitaria deberanse ter en conta:

- As ratios das actividades serán reducidas segundo a actividades e o espazo garantirá a distancia social.
- O uso da máscara será obrigatorio.
- Os pais serán responsables de certificar que o alumnado que forme parte da actividade non presentan sintomatoloxía relacionada coa COVID nin estiveron en contacto directo con persoas con sintomatoloxía COVID.
- Cada alumno, sempre que sexa necesario deberá traer o seu material individual, marcado co nome e primeiro apelido, do que será informado antes do comezo da actividade.
- Todos os responsables das actividades deberán certificar non ter síntomas compatibles coa COVID.

O centro levou a cabo preparación e adaptación previa dos espazos e os materiais que se utilizarán en cada unha das actividades propostas:

1. Adaptación do espazo físico.
 2. Limpeza e desinfección diaria.
 3. Deseño e cartelería, marcas e sinalización.
-
1. As aulas, os aseos, as zonas comúns, e puntos de encontro foron adaptados para crear maior seguridade, asegurando un aforo seguro e unha distancia mínima de seguridade sanitaria.
 2. A limpeza e desinfección dos espazos e o material utilizado nas actividades extraescolares seguirán as mesmas premisas que no horario lectivo, utilizando sempre produtos autorizados e recomendados polo Ministerio de Sanidade e a Xunta de Galicia.
 3. Cartelaría relacionado coas normas de seguridade, distancias mínimas, movementos polo centro, información práctica, delimitacións,...

Organización de espazos, grupos e turnos de actividade.

1. Fíxase unha ratio mais baixa do habitual, segundo actividade, para formación de grupos.
2. Tomarase como referencia un monitor por cada grupo de actividade.
3. Adecuaranse as actividades para evitar o contacto na medida do posible.
4. Os grupos formaranse seguindo grupos completos, sen distinción por grupo estable de convivencia.
5. Supervisarase o uso dos aseos polo monitor e profesor de garda, asegurando sempre o aforo e a distancia interpersoal segura para un uso responsable dos mesmos.

6. Ventilaranse as aulas de uso de actividades antes e despois do seu uso. Sempre que a climatoloxía o permita a ventilación será continúa durante a actividade.
7. As entradas e saídas serán marcadas polo monitor da actividade.
8. En todas as aulas de actividade extraescolar disporase de bote de xel hidroalcohólico, panos desbotables, papeleiras con pedal e toallíñas hixiénicas para limpeza.

Organización das actividades extraescolares.

1. En cada actividade, nos primeiros minutos o monitor dedicárase a recordar as medidas de hixiene e seguridade.
2. Recordarase a todos os alumnos que deben evitarse tocarse os ollos, o nariz, a boca, que deben esbirrar co cóbado diante da boca, cubrindo o nariz cun pano desbotable,...
3. Recordarase que deben dicir aos monitores si teñen algún síntoma para que estos informen ao profesor de garda do centro.
4. Os monitores asegurarán en todo momento que os nenos e nenas poidan utilizar os xeles e as toallas desbotables.
5. Evitarase, na medida do posible, o uso dos materiais compartidos nas actividades.
6. O uso das máscaras será obrigatorio en todo momento: entradas, saídas, movementos polos corredores e dentro da propia actividade.
7. Evitaranse en todo momento os saúdos, abrazos, movementos conxuntos, unións entre eles,...
8. Os monitores levarán sempre posta a máscara.
9. O acceso ás diferentes actividades será controlado en todo momento polos monitores, podendo establecer o centro horarios escalonados no acceso e saída das actividades extraescolares para evitar aglomeracións.
10. Os grupos formados por varios grupos de convivencia, estes agruparanse na clase seguindo as mesmas normas establecidas neste plan.
11. As aulas utilizadas para a realización das actividades extraescolares serán hixienizadas e aireadas antes e despois do seu uso.
12. Durante a realización das actividades extraescolares deberán seguirse todas as normas establecidas no Plan de adaptación a situación COVID do centro.